

agroseguro

AGRUPACIÓN ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS
DE LOS SEGUROS AGRARIOS COMBINADOS, S. A.

Gobelas, 23 Tel. 91 837 32 00 28023 Madrid (ESPAÑA)



SEGUROS AGRÍCOLAS CONDICIÓN XERAIS

O tomador, en representación dos seus asegurados, no caso de declaracións de seguros colectivos, e o asegurado, no caso de declaracións de seguro individual, subscriben este condicionado e aceptan especificamente as súas condicións limitativas, que aparecen salientadas en negra, e reciben neste acto cadansúa copia.

APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL DO TOMADOR

Ref. do Seguro Colectivo -
ou Ref. Seguro Individual

CIF ou NIF

....., de de

O tomador do seguro ou o asegurado
SINATURA E SELO

CLÁUSULA PRELIMINAR.- O presente contrato de seguro réxese pola Lei 87/78 do 28 de decembro de seguros agrarios combinados, o Regulamento aprobado polo Real decreto 2329/79 do 14 de setembro e polo disposto nas presentes condicións xerais, así como nas especiais e particulares se as houberse que sexan de aplicación en cada un dos plans de seguros agrarios na modalidade de seguro agrícola. As disposicións da Lei de contrato de seguro 50/80 aplicaranse con carácter supletorio. Non requirirán aceptación expresa as simples transcripcións ou referencias a preceptos legais.

DEFINICIÓNS

PRIMEIRA.- Neste contrato, de acordo coa normativa vixente, enténdese por:

"ASEGURADO", é a persoa física ou xurídica, titular do interese obxecto do seguro a quen lle corresponden os dereitos derivados do contrato e as obrigas que pola súa natureza lle sexan propias, e que en defecto do tomador asume as obrigas e deberes que lle corresponden a este.

"ASEGURADOR", é a persoa xurídica que asume o risco contractualmente pactado. Este seguro agrario combinado efectúase en réxime de coaseguro polas entidades integradas na Agrupación Española de Entidades Aseguradoras dos Seguros Agrarios Combinados (no sucesivo Agroseguro), que é a administradora do seguro, e, en canto a este, representa todas e cada unha das entidades.

"BENEFICIARIO", persoa física ou xurídica que, previa cesión polo asegurado, resulta titular do dereito á indemnización.

"CAPITAL ASEGURADO", é a suma asegurada ou cantidade fixada en cada unha das partidas da póliza que constitúe o límite máximo de indemnización que se ten que pagar por todos os conceptos por Agroseguro para todos os sinistros indemnizables. Estará en función da colleita esperada, tendo en conta os rendementos de cada cultivo segundo as zonas, que para estes efectos o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente determine, aos prezos unitarios que tamén estableza ou figuren na regulación da campaña do produto do que se trate. Sobre o valor da produción obxecto do seguro aplicarase a porcentaxe de cobertura determinada nas condicións especiais e o resultado será o capital ou suma asegurada.

Nos seguros relativos a cultivos de varios cortes ou recollidas, o capital asegurado quedará reducido automática e sucesivamente despois de cada corte no valor deste.

"CARENCIA", o período de tempo que debe transcorrer desde o momento da entrada en vigor do seguro ata a toma de efecto da cobertura dos riscos subscritos.

"COBERTURAS PARTICULARES", excepcionalmente e para explotacións con características especiais ou para estudos de novas coberturas, as condicións especiais poderán prever casos de aplicación de coberturas particulares, mediante un pacto expreso entre as partes. Estas coberturas incluíranse nas correspondentes condicións particulares que deberán ser previamente coñecidas pola Dirección Xeral de Seguros e a Entidade Estatal de Seguros Agrarios e que precisarán, á medida das circunstancias concretas, os límites de garantías, os riscos cubertos, as exclusións e demais extremos que sexan precisos.

"DECLARACIÓN DE SEGURO COLECTIVO", é o documento subscrito polo asegurador e o tomador dun seguro colectivo en por si e no nome dos seus asociados no que se establecen os recíprocos dereitos e obrigas.

"DECLARACIÓN DE SEGURO", o documento subscrito polo tomador, mediante o que solicita a inclusión nas garantías do seguro das colleitas que, de modo concreto, sinala. A declaración poderá ser, segundo o tipo de subscrición:

-**"DECLARACIÓN DE SEGURO INDIVIDUAL"**, a declaración na que o titular da explotación cuxas colleitas se aseguran é unha soa persoa física ou xurídica, quen figurará naquela en calidade de asegurado.

-**"APLICACIÓN A SEGURO COLECTIVO"**, a declaración, mediante a que un asociado da persoa xurídica que actúa como tomador dun seguro colectivo inclúe neste, en calidade de asegurado, as colleitas das que é titular.

"DESCUBERTO OBRIGATORIO", a parte do risco que o asegurado está obrigado a manter ao seu cargo, cando o seguro non cubra enteiramente o interese asegurable. A porcentaxe de descuberto farase constar, para cada tipo de risco, nas condicións especiais de cada cultivo.

"FRANQUÍA", a cantidade ou porcentaxe sobre a contía dos danos indemnizables ou do valor de produción que en cada sinistro quedará a cargo do asegurado, segundo o que se estableza nas condicións especiais.

"PÓLIZA", conxunto de documentos que conteñen as condicións reguladoras do seguro, formando parte delas, estas condicións xerais, as especiais de cada seguro, as particulares que se engaden no seu caso, a declaración de seguro individual ou colectivo e aplicacións desta última.

"PRIMA", é o prezo do seguro. O recibo conterá ademais a prima de reaseguro do consorcio de compensación de seguros e impostos que sexan de legal aplicación e indicará a parte a cargo do tomador do seguro, o importe da subvención do Estado e, no seu caso, os descontos, bonificacións e recargas.

"PRODUCCIÓN ASEGURABLES", as que constituíndo o fin económico da explotación, ben directamente ou mediante a súa transformación, se atopen incluídas no correspondente Plan anual de seguros e cumpran as condicións técnicas mínimas esixibles de explotación ou prevención definidas polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. Para considerala como tal, é condición indispensable que, no momento da subscripción da declaración de seguro, non fixera aparición o sinistro ou este sexa inminente.

"SINISTRO", é todo feito cuxas consecuencias danosas resulten cubertas coas garantías da póliza. Para que un sinistro sexa considerado como indemnizable, os danos sufridos polo cultivo deben ser superiores ao mínimo previsto nas condicións especiais da póliza.

"TOMADOR DO SEGURO", a persoa física ou xurídica que, xuntamente con Agroseguro, subscribe a póliza do seguro e ao que lle corresponden as obrigas que deste se deriven, salvo as que pola súa natureza deban ser cumpridas polo asegurado.

OBXECTO DO SEGURO

SEGUNDA.- O seguro ten por obxecto a cobertura das producións agrícolas contra os riscos previstos no artigo 6 do Regulamento para a aplicación da Lei 87/1978 de seguros agrarios combinados, sempre que estean incluídos no Plan anual de seguros aprobado polo Goberno.

TERCEIRA.- Con carácter xeral, **quedan excluídas das coberturas da póliza** as consecuencias dos feitos seguintes:

- **Os danos producidos cando o sinistro se orixine por mala fe do asegurado.**
- **Os sinistros que pola súa extensión ou importancia sexan cualificados polo Goberno de "catástrofe" ou "calamidade nacional".**
- **Calquera dos riscos garantidos, manifestados ou acontecidos con anterioridade á contratación do seguro ou durante o período de carencia.**

CUARTA.- **Co fin de modificación da prima establecida, non poderán admitirse durante o período de vixencia do seguro variacións nos valores asegurados;** unicamente se estimarán os que procedan dun erro de cálculo.

EFEECTO, DURACIÓN E PAGAMENTO DA PRIMA

QUINTA.- A entrada en vigor do seguro iníciase ás 24 horas do día no que se pague a prima polo tomador do seguro e sempre que previa ou simultaneamente se subscribise a declaración de seguro.

A declaración de seguro, deberá subscribirse dentro dos prazos establecidos polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Carecerán de validez e non producirán efecto ningún as declaracións de seguro cuxa prima non fose pagada integramente polo tomador do seguro, ou ben fose pagada fóra dos prazos establecidos polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Igualmente, e aínda que a prima fose pagada, carecerá de validez e non producirá efecto ningún que non sexa a devolución desta prima, a declaración de seguro subscribida polo debedor do total ou parte de recibo ou recibos de primas correspondentes á regularización económica de anteriores declaracións ou que ampare intereses pertencentes a estes.

SEXTA.- O inicio e a fin das garantías de cada seguro determinarase nas correspondentes condicións especiais.

En ningún caso o inicio das garantías poderá comezar antes da toma de efecto, unha vez transcorrido o período de carencia.

SÉTIMA.- O pago da prima deberase realizar ao contado, na forma establecida nas condicións especiais.

A obriga do pagamento da prima, comprendidos os impostos e a prima de reaseguro do consorcio de compensación de seguros legalmente establecidos ou que se establezan, corresponderalle ao tomador do seguro.

Nos contratos de subscripción colectiva, a obriga do pagamento da prima única correspóndelle así mesmo ao tomador do seguro, quen a medida que vaia incluíndo como asegurados os seus asociados no seguro colectivo, e subscriba para o efecto as oportunas aplicacións, irá facendo efectiva a parte de prima correspondente a estes, na forma que se determine nas condicións especiais.

En ningún caso se entenderá realizado o pagamento cando este lle sexa efectuado directamente ao axente de seguros.

OUTRAS OBRIGAS DO TOMADOR DO SEGURO

OITAVA.- O tomador do seguro e, no seu caso, o asegurado ou beneficiario está obrigado a:

- a) **Declarar que todos os bens asegurados son da súa propiedade ou gozo e, noutro caso, a calidade na que contrata, que se encontran sen ningún dano previo á contratación da póliza e que a situación dos riscos é a detallada na declaración de seguro.**
- b) **O pagamento do importe da prima correspondente.**
- c) **Asegurar todos os bens de igual clase aos relacionados na declaración de seguro que posúa no territorio nacional e se atopen incluídos no correspondente Plan anual de seguros, salvo casos debidamente xustificadas.**
- d) **Empregar os medios de loita preventiva e aplicar as técnicas de cultivo ou explotación declarados obrigatorios polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. De non existir tal declaración aplicaranse os medios e técnicas usuais na zona.**
- e) **Manter ao seu cargo o descuberto que se poida fixar nas condicións especiais de cada seguro.**
- f) **Permitirlle a Agroseguro a inspección dos bens asegurados en todo momento, por unha persoa autorizada pola empresa e proporcionarlle todos os detalles e información necesaria para a debida apreciación do risco.**
- g) **Comunicarlle a Agroseguro, tan pronto como lle sexa posible, todas as circunstancias que poidan afectarlle ao risco descrito na declaración do seguro.**
- h) **Minorar as consecuencias do sinistro, empregando os medios ao seu alcance cos efectos previstos na condición décima.**
- i) **Xustificar pagamento asinado conforme ou non conforme das actas de inspección que con ocasión destas se lle presenten. Se unha vez comunicado o contido ao asegurado ou representante, estes non a firmaran transcorridas 48 horas, entenderase que aceptan integramente o seu contido.**

NOVENA.- O incumprimento das obrigas b), c), e tamén da obriga f) cando impida a adecuada valoración do risco, suporá a perda ao dereito á indemnización que, no caso de sinistro, puidera corresponderlle ao asegurado.

O incumprimento das obrigas a), d), e), g) e h) daralle dereito a Agroseguro a reducir a súa prestación na proporción oportuna tendo en conta o grao de culpa do asegurado e a importancia dos danos derivados do citado incumprimento, cando fose observado con ocasión da tramitación dun sinistro ou, no seu caso, a axustar o importe da indemnización, reducíndoa proporcionalmente á diferenza entre a prima pagada e a que correspondería aplicar de acordo coa verdadeira entidade do risco. Se mediase dolo ou culpa grave do tomador ou asegurado, Agroseguro quedará liberado do pago da prestación.

En calquera caso, o incumprimento das obrigas sinaladas nesta condición **poderá dar lugar á reclamación por Agroseguro dos danos e perdas que procedan.**

As declaracións intencionadamente falsas, formuladas polo tomador do seguro ou asegurado liberan a Agroseguro do pagamento da indemnización que puidera corresponderlle.

A mera inexactitude que orixine a aplicación dunha prima inferior, só dará lugar á redución proporcional da indemnización.

SINISTROS, TRAMITACIÓN E PAGO DA INDEMNIZACIÓN

DEZ.- No caso de sinistro procederase da forma seguinte:

- a) O tomador, o asegurado ou o beneficiario deberá comunicarlle a Agroseguro no documento establecido para o efecto, o acaecemento do sinistro **dentro do prazo de sete días contados a partir da data na que foi coñecido**, podendo reclamarlle a Agroseguro os danos e perdas causados pola falta desta declaración, a non ser que se demostre que este tivo coñecemento do sinistro por outro medio.
- b) O asegurado ou o tomador do seguro **deberán empregar os medios ao seu alcance para minorar as consecuencias do sinistro. O incumprimento deste deber**, daralle dereito a Agroseguro a **reducir a súa prestación na proporción oportuna**, tendo en conta a importancia dos danos derivados deste e o grao de culpa do asegurado.

Se este incumprimento se producise coa manifesta intención de prexudicar ou enganar a Agroseguro, este quedará liberado de toda prestación derivada do sinistro.

Nas condicións especiais fixaranse os gastos de salvamento que son reembolsables por parte de Agroseguro. Os gastos que se orixinen polo cumprimento da citada obriga, sempre que non sexan inoportunos ou desproporcionados aos bens salvados, serán por conta de Agroseguro, incluso se tales gastos non tiveron resultados efectivos ou positivos. En defecto de pacto indemnizaranse os gastos efectivamente orixinados. Tal indemnización non poderá exceder da suma asegurada.

c) **O asegurado efectuará as declaracións de sinistro na forma que establezan as condicións especiais de cada seguro.**

Nas condicións especiais de cada seguro establecerase o importe mínimo que deben alcanzar os danos para que o sinistro poida ser indemnizable.

ONCE.- Cando Agroseguro decida rexeitar unha declaración de sinistro deberá comunicarllo ao asegurado e ao beneficiario nun prazo de vinte días, que comezará a contar desde a data de recepción en Agroseguro desta declaración do sinistro, expresando os motivos do rexeitamento.

DOCE.- Agroseguro procederá á inspección inmediata dos danos a partir da recepción da notificación do sinistro. Non obstante, se a natureza e o desenvolvemento do cultivo o aconsella, poderá demorarse a peritaxe e valoración de danos ata o momento da colleita que previamente fose fixada polo Asegurado, e deste xeito Agroseguro daralle un xustificante de pagamento indicando se vai efectuar unha estimación inicial dos danos, que haberá que documentar e asinar por ambas as dúas partes, incorporándose ao expediente de sinistro.

A valoración dos danos efectuarase de común acordo entre Agroseguro e o asegurado. De se producir disenso, procederase á designación de peritos, conforme ao disposto na condición catorce destas condicións xerais.

A pesar do que se dixo anteriormente, se chegado o momento fixado para a colleita non se realizase a peritaxe, **o asegurado poderaa efectuar, obrigándose a deixar mostras testemuña non inferiores ao cinco por cento da colleita, deixándoas repartidas uniformemente na parcela sinistrada. El incumplimiento de esta obligación por el Asegurado llevará aparejada la pérdida del derecho a la indemnización, a cuyo fin se hará constar en el acta de tasación.**

Se o perito de Agroseguro non se presentase para realizar a taxación antes da data fixada para o comezo da colleita e transcorreran máis de vinte días desde a notificación do sinistro, estará obrigado a aboar ao asegurado o valor das mostras testemuña, sen franquía nin dedución algunha, quedando estas mostras na súa propiedade.

TRECE.- A peritaxe axustarase aos sistemas de estimación directa do dano ou determinación por diferenza entre o valor dos bens sinistrados e o de salvamento, nos termos establecidos nas condicións especiais aplicándose para ambas as dúas valoracións os prezos fixados na declaración de seguro ao establecer o capital asegurado. En todo caso cumprirase o establecido na Norma xeral de peritaxe de danos ocasionados sobre as producións agrícolas, amparadas polo seguro agrario combinado (Orde do 23 de xullo de 1986) así como as correspondentes Normas que diten conxuntamente os Ministerios de Economía e Facenda e **de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.**

CATORCE.- No caso de non lograrse o acordo amigable dentro do prazo de corenta días, contados a partir da recepción da declaración de sinistro, salvo imposibilidade de a cuantificación dos danos, cada parte designará un perito, e debe constar por escrito a aceptación destes.

Designado un perito e aceptada a misión, non poderá renunciar a ela. No caso de sinistros que lles afecten a intereses amparados por declaracións de seguros colectivos, o tomador do seguro poderá designar un perito que o represente na taxación dos danos. **As decisións que adopten os peritos obrigan ao tomador e aos asegurados por eles representados. O tomador do seguro deberá designar a tantos peritos como interveñan por parte de Agroseguro ou aceptar a taxación realizada polos peritos desta.**

Se unha das partes non fixera a designación, estaría obrigada a realizala nos oito días seguintes á data na que fose requirida polo que designara o seu; **e de non facelo neste último prazo, entenderase que acepta o ditame que emita o perito da outra parte, e queda vinculada polo mesmo.**

Se non hai acordo entre os peritos, as partes designarán un terceiro e os tres obrarán en común, e resolven por maioría de votos. No caso de disentir na elección do terceiro perito, procederase entón á súa designación polo xuíz de primeira instancia do partido xudicial no que radiquen as explotacións aseguradas en acto de xurisdición voluntaria e polos tramites previstos para o sorteo de peritos na Lei de procesamento civil.

O ditame pericial conxunto emitirase no prazo acordado polas partes ou no de trinta días a partir da aceptación da designación polo terceiro perito.

O ditame dos peritos, por unanimidade ou por maioría, notificarase ás partes de maneira inmediata e de forma indubidable, sendo vinculante para estas, salvo que se impugne xudicialmente, dentro do prazo de trinta días, no caso de Agroseguro, **e de cento oitenta, no do asegurado, computados ambos os dous desde a data da súa notificación.** Se non se interpuxese nestes prazos a correspondente acción, o ditame pericial devirá inatacable.

Se o ditame pericial fora impugnado, Agroseguro deberá aboar o importe mínimo do que poida deber, segundo as circunstancias por el coñecidas, e se non o fora, aboará o importe da indemnización fixada polos peritos nun prazo de cinco días.

No caso de designación de peritos, cada parte aboará os gastos e honorarios do seu. Os do terceiro perito e demais gastos que ocasione a taxación pericial colexiada pagaranse á metade entre o asegurado e Agroseguro. Se calquera das partes fixera necesario esta peritaxe por manter unha valoración de danos moi desproporcionada, será ela a única responsable destes gastos.

QUINCE.- Con carácter xeral, o cometido que teñen que desenvolver os peritos será o de realizar a valoración dos danos suxeitándose ás normas de peritaxe establecidas, recollerán na acta cantas incidencias xurdan durante a súa actuación e establecerán a indemnización resultante que lle corresponda individualmente a cada asegurado, en función da porcentaxe de cobertura ou, no seu caso, por aplicación da franquía estipulada. Para o cumprimento deste cometido, o asegurado daralle a Agroseguro e aos seus peritos toda clase de facilidades para inspeccionar as explotacións aseguradas, proporcionándolles cantos documentos e informes se consideren útiles e necesarios para fixar con exactitude a contía das perdas e para acreditar o debido cumprimento das condicións técnicas mínimas de cultivo.

Co fin de determinar a contía dos danos, deberán fixarse os importes pertinentes sobre:

- a) Rendemento real da colleita asegurada e a porcentaxe de danos, en función das causas produtoras, tanto en cantidade como en calidade, no seu caso.
- b) Estimación da posible salvación.
- c) Importe dos gastos excepcionais realizados para a limitación dos danos ou salvación da colleita sinistrada, levados co fin de acordo coas normas que para iso fosen fixadas polos peritos.

Nas actas de taxación de danos consignarase o resultado das comprobacións realizadas en orde aos seguintes extremos:

- a) Data de sinistro e as súas causas.
- b) Identificación da parcela sinistrada coa asegurada.
- c) Cumprimento por parte do asegurado da obriga de asegurar todas as producións de igual clase que posúa no territorio nacional, salvo casos debidamente xustificadas.
- d) Aplicación das condicións técnicas mínimas de cultivo fixadas.
- e) Emprego dos medios de loita preventiva.
- f) Aplicación das medidas de salvamento que se acordaran na estimación inicial dos danos; e
- g) Cuantificación dos danos e determinación da indemnización.

DEZASEIS.- Se o valor real dos bens asegurados excedese da cantidade asegurada, o asegurado será reputado o seu propio asegurador por este exceso e sufragará a parte alícuota que lle corresponda das perdas. Se o importe da colleita é igual ou inferior á suma asegurada, indemnizarase a perda efectiva.

DEZASETE.- As indemnizacións polos sinistros acontecidos nas explotacións agrícolas deberán serlle aboadas ao asegurado ou, no seu caso, ao beneficiario dentro dos sesenta días seguintes á terminación da colleita, non podendo percibir o asegurado máis que unha soa indemnización por todos os sinistros acontecidos no seu cultivo ou explotación, como suma dos correspondentes danos sufridos.

A falta de acreditación da terminación da colleita da explotación, tomarase por esta a data establecida polo Ministerio de **Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente** para a finalización das garantías.

Se ao finalizar este prazo, Agroseguro non realizase a indemnización por causa non xustificada ou que lle fose imputable, a indemnización incrementarase no interese anual igual ao do interese legal do diñeiro vixente no momento no que se reporte incrementado nun 50%. Será termo inicial do computo de intereses a data de finalización do indicado prazo.

Considerarase causa xustificada para demorar o aboamento da indemnización os trámites necesarios para a peritaxe e correcta valoración dos danos. No caso de discrepancia na valoración dos danos Agroseguro, estará obrigada ao pagamento do importe mínimo que poida deber, segundo as circunstancias por esta coñecida, no prazo anteriormente sinalado.

Nas pólizas colectivas as indemnizacións que corresponden aos asegurados polos danos sufridos nas súas producións poderán ser satisfeitas a través do tomador do seguro.

BENEFICIARIO E CESIÓN DA INDEMNIZACIÓN

DEZAOITO.- O asegurado poderá designar beneficiario con dereito a percibir a indemnización que lle corresponda como consecuencia do seguro.

Unha vez determinada a contía líquida da indemnización que se ten que percibir como consecuencia dun sinistro, poderá ser cedida polo asegurado a favor de calquera outra persoa.

Cando se trate de seguros esixidos para a concesión de créditos oficiais, notificaráselle tal circunstancia a Agroseguro e serán beneficiarios os organismos ou entidades que os concedesen, de forma que, no caso de sinistro, a indemnización sexa aplicada, en primeiro lugar, ao reintegro das anualidades do crédito pendente de amortizar.

SUBROGACIÓN, PRESCRICIÓN, ARBITRAXE E XURISDICIÓN

DEZANOVE.- Agroseguro unha vez pagada a indemnización que lle corresponda poderá exercitar os dereitos e as accións que por razón do sinistro lle correspondan ao asegurado fronte ás persoas responsables deste na forma e límites previstos nas disposicións legais que sexan de aplicación.

Non obstante, se por causa do Asegurado, a subrogación non pode realizarse en favor de Agroseguro, o importe desta será descontado da indemnización correspondente na mesma medida en que a subrogación puidera ser exercida por Agroseguro.

VINTE.- As accións derivadas do contrato prescriben **aos dous anos, a contar desde o día no que puideron exercitarse, conforme ao disposto no artigo 942 e seguintes do código de comercio.**

VINTE E UN.- A entidade estatal de seguros agrarios actuará como árbitro de equidade en cantas cuestións poidan xurdir derivadas deste seguro e que sexan sometidas expresamente á súa decisión arbitral, por acordo das partes.

VINTE E DOUS.- O presente contrato queda sometido á xurisdición española, e, dentro dela, será xuíz competente para o coñecemento das accións derivadas del o do domicilio do asegurado, a cuxo efecto este designará un domicilio en España, no caso de que o seu fose no estranxeiro.

COMUNICACIÓNS

VINTE E TRES.- As comunicacións realizadas a Agroseguro por parte do tomador do seguro, asegurado ou beneficiario só terán efecto se se realizan directamente no seu domicilio social en Madrid.

As comunicacións de Agroseguro ao tomador do seguro, ao asegurado ou ao beneficiario realizaranse no domicilio destes recollido na póliza ou ao que lle notificasen no caso de cambio de domicilio.

Las comunicaciones efectuadas por un Corredor de Seguros a Agroseguro en nombre del Tomador del Seguro o Asegurado, surtirán los mismos efectos que si las realizara el propio Tomador del Seguro o Asegurado, salvo indicación en contrario de éstos.

VINTE E CATRO.- O Tomador e o Asegurado quedan informados de que o control da actividade aseguradora corresponde ao Reino de España a través da Dirección Xeral de Seguros do Ministerio de Economía e Facenda, e da posibilidade do titular do interese asegurado de formular o seu reclamación ante o Servizo de Reclamaciones de Agroseguro (c/Gobelas 23, 28023 Madrid) e, de non conformarse coa resposta deste último, reproducila ante o Defensor do Asegurado (d.a.Defensor, c/Velázquez 80, 1º D, 28001 Madrid), si versa sobre os supostos contemplados no seu reglamento de actuación, depositado na Dirección Xeral de Seguros, e á súa disposición nas oficinas de AGROSEGURO.